

ÓPERA OMNIA

Espiral Maior celebra os seus dez anos de existencia creando unha nova colección de poesía, Ópera Omnia, concibida para editar a obra completa dos autores máis sobranceiros das nosas letras. E, neste primeiro contacto co lector, a colección reúne os corenta e sete libros de poemas que ten dado á luz a nosa pluma máis prolífica, a de Manuel María, un poeta, narrador, articulista e dramaturgo imprescindible á hora de estudar a segunda metade do século XX. Así, en dous voluminosos tomos -de edición coidada ó detalle- recóllese a palabra máis lúcida desta gran voz: o primeiro abrangue de 1950 a 1979 (polo tanto de *Muiñeiro de brétemas* a *As rúas do vento ceibe*) e o segundo contén os poemarios publicados entre 1981 e 2000 (ou, o que é o mesmo, de *Poemas da labarada estremecida* a *Camiños de luz e sombra*). En total, atopamos nestes dous volumes cincuenta anos de creación e traballo a prol da nosa lingua, e da nosa terra, que converten a Manuel María en memoria viva da literatura galega contemporánea. Ou, como afirma Miguel Anxo Fernán-Vello na “*Nota do editor*” que serve de pórtico á obra, “os corenta e sete libros que compoñen a obra poética completa de Manuel María son proba material do enraizamento do noso poeta na arte da *poiesis* entendida como vehículo inmediato e necesario de comunicación, unha paixón vibrante pola palabra activa do poema nacido para ser fonte de beleza, berro existencial, reivindicación da dignidade, tremor da natureza ou, dito sinxelamente, espello total da condición e da experiencia humana”. Non se podería esperar outra cousa dun autor que levou sempre como emblema os versos que aparecen en *As rúas do vento ceibe*: “*o idioma é a chave/ coa que abrimos o mundo*”.

Seguindo esta consigna, o traballo poético de Manuel María ofrécenos todo un universo de sensacións e vivencias que pasan polo medo, o desconcerto da vida, a relixiosidade máis franciscana, o amor pola terra natal e polas súas lagoas -esas “*veas rumorosas*” que o nutiron desde neno-, pero tamén se vincula á memoria viva tendo sempre presentes, con agarimo, ós que xa se foron. Hai lugar mesmo para a carraxe máis fonda sempre dirixida ós que nos roubaron anos de plenitude, a aqueles que desprezan o que é noso, a unha xustiza espúrea que nos nega. Percorre deste xeito Manuel María todas as etapas polas que foi pasando a nosa lírica ó longo da segunda metade do século XX: o existencialismo dos anos 50 (*Morrendo a cada intre*), a poesía social nos 60 e 70 (*Poemas para construír unha patria*), a renovación estética a partir dos 80 (*A primavera de Venus*). E, polo tanto, a voz poética de Manuel María devala da esencia máis íntima do ser cara á súa vertente colectiva, do amor profundo de parella por Saleta -sempre a súa figura nos versos- ó enraizamento nas paisaxes

nativas chegando a conxugar cotas de máxima complexidade estrutural e imaxinística cos sinxelos versos para nenos. Con todo, esta *ópera omnia* ten o valor supremo de evocar palabras que nos foron acompañando ó longo dos anos e de descubrirmos outras obras esgotadas hai tempo, inaccesibles ó lector de hoxe, que completan o mapa da súa paixón polo verso e a vida. Só así, parafraseando un dos seus títulos, os soños confinados na gaiola atopan aberta a porta da liberdade gracias a un compromiso coa patria, o de Manuel María, inmarcesible como a flor da esperanza.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 61, xuño 2002, p. 70

